

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN NOS CENTROS EDUCATIVOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE ARTEIXO FRENTE AO COVID-19 DURANTE O CURSO ESCOLAR 2020-2021

O COVID-19 é unha infección respiratoria emerxente causada polo SARS-CoV-2, un coronavirus que se detectou por primeira vez en decembro de 2019 na cidade de Wuhan, China. Este abrocho inicial en Wuhan propagouse rapidamente, afectando a outras áreas de China e posteriormente a outros países, o que levou á Organización Mundial da Saúde (OMS) a declarar a pandemia mundial o día 11 de marzo.

En España, o primeiro caso de COVID-19 foi detectado a finais do mes de xaneiro e dende entón, o número de contaxios aumentou de maneira progresiva e a gran velocidade, o que deu orixe a unha crise sanitaria sen precedentes que requiriu a adopción de medidas excepcionais co obxectivo de protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter o progreso da enfermidade e mitigar o impacto sanitario.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 á categoría de pandemia internacional. Esta expansión está xerando unha crise sin precedentes recentes na saúde pública que afecta a todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra a pandemia.

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020, adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, que foron seguidas da declaración, por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, situación que foi prorrogada por diferentes períodos en seis ocasións.

No que se refire especificamente ao ámbito educativo, o apartado 1.c do mencionado Acordo do Consello da Xunta de Galicia, prevé a adopción, entre outras, das seguintes medidas: suspensión de todo tipo de actividade lectiva regulada en todos os centros de ensino non universitario.

A evolución da pandemia no territorio galego e a diminución do número de contaxios fixo posible o paso das diferentes fases do Plan do Goberno central.

A Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do “Plan para la transición hacia una nueva normalidad”, establece unha serie de previsións en relación cos centros educativos.

A evolución do contexto epidemiolóxico, sanitario e de saúde pública, permitiu o inicio dun proceso de normalización progresiva da actividade, denominado reactivación, avaliado de maneira continua polo sistema sanitario de saúde pública para comprobar a súa efectividade e acompañarse da introdución doutras medidas específicas que se deberán manter máis aló da fase pandémica.

Con data 8 de xuño de 2020 aprobouse, polo Comité Clínico Sanitario, o documento denominado “Plan de Reactivación no ámbito Infanto Xuvenil en relación coa infección polo VIRUS SARS-CoV 2”, no que se inclúen medidas de carácter sanitario.

O Real Decreto-lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, contén no seu artigo 9 unha breve disposición relativa a centros docentes.

Con data 11 de xuño do presente ano, o Ministerio de Educación e Formación Profesional, no seo da conferencia sectorial de Educación, presentou un documento denominado “Acuerdos para el inicio y desarrollo del curso 2020-2021” e enviou tamén para coñecemento e alegacións das CC.AA o documento denominado “Medidas de prevención, higiene y promoción de la salud frente al COVID-19 para centros educativos en el curso escolar 2020-2021”. Este último documento foi revisado coas alegacións das CC.AA e a súa versión definitiva ten data do 22 de xuño de 2020.

Mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 (modificado por un do 25), adoptáronse as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade. O punto 5 das medidas establece as previsións para os centros educativos co seguinte teor literal:

1. O retorno á actividade lectiva presencial dos centros docentes que imparten o ensino do artigo 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, rexeráse polas condicións sanitarias vixentes ao comezo do curso escolar 2020/21.
2. Serán de obrigado cumprimento as normas sobre desinfección e prevención que determine en cada momento a autoridade sanitaria, tanto nos centros públicos como privados. Para os supostos en que non sexa posible gardar as distancias mínimas interpersoais que se determinen, será obrigado o uso de máscara de protección, con excepción do nivel de educación infantil.

3. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional elaborará e aprobará, mediante resolución, un protocolo de prevención e organización do regreso á actividade lectiva onde se recollerán as recomendacións sanitarias aprobadas ata o momento. O dito protocolo será supervisado pola consellería con competencias en materia de sanidade.

Con data do 13 de xuño de 2020 publicouse o DECRETO 90/2020 por el que se declara la superación de la fase III del Plan para la desescalada de las medidas extraordinarias adoptadas para hacer frente a la pandemia de COVID-19, aprobado mediante o Acordo do Consello de Ministros do 28 de abril de 2020 e, polo tanto, a entrada na nova normalidade, con efectos desde as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020.

O pasado día 27 de agosto de 2020, reuniuse o Consello Interterritorial, no que estaban representados o Ministerio de Sanidade, o Ministerio de Educación e Formación Profesional e o Ministerio de Política Territorial e Función Pública, xunto cos representantes das consellerías de Sanidade e Educación das Comunidades Autónomas. Neste Consello Interterritorial someteuse a consideración das comunidades autónomas o documento denominado “Declaración de actuaciones coordinadas en salud pública frente al COVID 19 para centros educativos durante el curso 2020-2021”. Dito documento foi aceptado polas CC.AA. como conxunto de actuacións coordinadas en materia de saúde pública, destacando a necesidade de retomar “de forma prioritaria” a actividade educativa presencial.

En materia de limpeza e desinfección dos centros educativos de Educación Infantil e Primaria fronte ao COVID-19 durante o curso escolar 2020-2021, o Concello de Arteixo adoptará as instrucións aprobadas o 31 de agosto de 2020 pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, polas que se incorporan a Declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema de Saúde Pública (DOG número 174 BIS do 28-08-2020) e a actualización das Recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

Medidas xerais de limpeza e desinfección no centro

O presente protocolo de limpeza formará parte do denominado “Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020/2021” e aplicarase en todas aquelas instalacións e elementos do centro educativo que son limpadas e desinfectadas polo Concello de Arteixo.

O centro contará cun servizo ordinario para as tarefas xerais e habituais de limpeza fóra do horario lectivo e cun servizo reforzado na quenda de mañá para limpeza e desinfección.

A continuación preséntanse as actuacións básicas a levar a cabo:

- Reforzarase a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene. Utilizarase o listado de virucidas indicados polo Ministerio de Sanidade.
- Realizarase unha limpeza xeral de todas as instalacións, polo menos, unha vez ao día, reforzándose e intensificándose naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, coma no caso dos aseos, onde será, polo menos, de dúas veces ao día. Esta medida intensificarase no caso dos aseos empregados por alumnado con NEE, nos cales se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco.
- Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos, perchas, billas, barras, interruptores e outros elementos de similares características así como de elementos das cisternas e outros dos aseos.
- Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos dúas veces na xornada. En todo caso nos aseos existirá xaboeiras ou material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.
- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recen preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.
- Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.
- Vixiarase especialmente a limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.
- Por parte do persoal de limpeza e desinfección, mentras está desempeñando as súas funcións, realizará tarefas de ventilación frecuentes nas distintas dependencias que estea limpando e/ou desinfectando, sempre coas medidas de prevención de accidentes necesarias.
- Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

Medidas relacionadas coa xestión dos residuos:

- Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” sexan refugados en papeleiras ou contedores con bolsa e protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.

- Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).
- No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, illarase o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo será extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.
- Realizarase a debida limpeza e ventilación do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

Consideracións especiais dalgunhas instalacións do centro

- Sen prexuízo da aplicación das medidas xerais de limpeza e desinfección, no caso de aulas de desdobre, talleres, laboratorios, aulas de música, debuxo ou informática, extremarase a limpeza e desinfección, tamén dentro do horario lectivo, por tratarse de aulas de uso máis compartido.

Limpeza e desinfección dos espazos nos que se imparten actividades extraescolares organizadas polo Concello

O Concello limpará e desinfectará conforme ao establecido neste protocolo todos os espazos nos que se impartan actividades extraescolares organizadas pola entidade municipal. A limpeza e desinfección producirase tanto antes coma despois da actividade.

Este protocolo poderá ser obxecto de modificación ou adaptación a calquera instrucción posterior ás aprobadas o 31 de agosto de 2020 pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.